

ACORDO

Que o Pleno da Corporación Municipal, en sesión Ordinaria celebrada en data luns 28 de xaneiro de 2019 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"2.- Convenio tipo para a asunción pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de policía local e as prazas de auxiliares de policía local ou as prazas de vixilantes municipais. Delegación de competencias. (CONV 03/2018). Modificación. Aprobación. (CIFECRIC de 22 de xaneiro).

Primeiro.- Delegar na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia as competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías de corpo de Policía local e ás prazas de auxiliares de policía local deste Concello de Carballo, por todo o tempo de vixencia do convenio aprobado na sesión plenaria do 29/01/2018.

Segundo.- Instrumentar a delegación polo Concello de Carballo na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia das competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías do seu corpo de policía local e prazas de auxiliares de policía local mediante a modificación do Convenio sinalado.

Terceiro.- Aprobar a modificación do expositivo III e da cláusula primeira do "Convenio tipo para a asunción pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de policía local e as prazas de auxiliares de policía local ou as prazas de vixilantes municipais" de 16/02/2018, aprobado en sesión do 29/01/2018 e asinado o 06/03/2018.

O texto modificado do Convenio aprobado se inclúe como Anexo ó presenta acordo.

Cuarto.- Facultar ó Sr. Alcalde para, no seu caso, a sinatura de cantos documentos sexan precisos en representación do Concello de Carballo e a realización de cantos actos de xestión e trámite sexan necesarios en orde á execución deste acordo.

Quinto.- Notificar o presente acordo á Academia Galega de Seguridade Pública :

ANEXO.- «CONVENIO TIPO PARA A ASUNCIÓN POLA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DA CONVOCATORIA E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS SELECTIVOS UNITARIOS PARA O ACCESO ÁS DIFERENTES CATEGORÍAS DOS CORPOS DE POLICÍA LOCAL E AS PRAZAS DE AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL OU AS PRAZAS DE VIXILANTES MUNICIPAIS

EXPOÑEN:

III.- Mediante acordo do Pleno de data 29 de xaneiro de 2018 e de 28 de xaneiro de 2019, adoptado en cumprimento do previsto no artigo 22.1.p) en relación co 47.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, o Concello de Carballo delega¹ na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia as competencias relativas á

1 Redacción orixinal: "... delega na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia as competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías de seu corpo de Policía local e as prazas de auxiliares de policía local e as de vixilantes municipais, por todo o tempo de vixencia do presente convenio".

convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías de seu corpo de Policía local e as prazas de auxiliares de policía local, por todo o tempo de vixencia do presente convenio.

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA: Obxecto.

1. Este convenio ten por obxecto instrumentar a delegación polo Concello de Carballo na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia das competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías² do seu corpo de policía local e as prazas de auxiliares de policía local.

2. En virtude da devandita delegación, a Administración xeral da Comunidade Autónoma asume durante o período ao que se estende a vixencia deste convenio a convocatoria e desenvolvemento de todos os procesos selectivos para as prazas das diferentes categorías do seu corpo de Policía local³ e as prazas de auxiliares de policía local, segundo as necesidades de persoal que lle sexan comunicadas polo concello na forma e prazos establecidos no presente convenio e demais normativa de aplicación.

2 Redacción orixinal: "... dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías do seu corpo de policía local e as prazas de auxiliares de policía local e de vixilantes municipais"

3 Redacción orixinal: "2. En virtude da devandita delegación, a Administración xeral da Comunidade Autónoma asume durante o período ao que se estende a vixencia deste convenio a convocatoria e desenvolvemento de todos os procesos selectivos para as prazas das diferentes categorías do seu corpo de Policía local e as prazas de auxiliares de policía local e as prazas de vixilantes municipais, segundo as necesidades de persoal que lle sexan comunicadas polo concello na forma e prazos establecidos no presente convenio e demais normativa de aplicación".